



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN. Solicitud de cofinanciamento de servizos sociais comunitarios.

Visto o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Xunta de Galicia, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (D.O.G. nº 63, do 30 de marzo de 2012), así como o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais para 2017.

De conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

1º.- Solicitar á Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2º. Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 166.240,09 euros, co seguinte detalle:

- Persoal: 16.815,00 euros.
- Mantemento: 0,00 euros.
- Axuda no fogar:
- \* Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 euros.
- \* Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 139.425,09 euros.

- Xestión de programas: 10.000,00 euros.

- Investimento: 0,00 euros.

3º. Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4º. Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2017 na contía de 221.249,91 euros, que supón unha porcentaxe do 57,10% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para a súa ratificación.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte e tres de marzo de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

**RESOLUCIÓN.** Solicitud de subvención de servicios sociales comunitarios.

Vista a convocatoria da Deputación Provincial do programa dirixido a concellos e outras entidades locais para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2017, publicada no BOP nº39, do 24 de febreiro de 2017, así como a memoria para participar no devandito programa.

De conformidade coas atribucións outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

**RESOLVO:**

1º. Que coñece e acepta as bases da convocatoria do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2017, e os compromisos que nela se inclúen.

2º. Adherirse ao programa de servizos sociais comunitarios da Deputación da Coruña para o 2017, de acordo coas contías xerais previstas na base 12 do programa e co financiamento que se indica no cadro de orzamento e financiamento previstos que se achega xunto a solicitude.

3º. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxecto do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

4º. Aceptar todos os compromisos e obrigas recollidos nas bases do programa.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte e catro de marzo de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)